

Ciencia ficción, figuras de exclusión e xénero na cultura galega¹

Ana Garrido González²; Katarzyna Moszczyńska-Dürst³

Galicia é por tradición un lugar proclive aos xéneros non miméticos: medio rural, clima adverso, illamento, cultura intramuros, gran tradición oral, arraigadas crenzas pagás, relación íntima e cotiá coa morte, forte mitoloxía animista, un extenso panteón de monstros... Alén disto, ao longo do s. XX numerosos autores plasmaron esta sensibilidade nos seus relatos: Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco, Castelao, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán. Ademais, aínda que nós centremos a análise no sistema literario en lingua galega, non podemos esquecer a Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández Flórez ou o que de literatura fantástica hai nas novelas de Rosalía de Castro. Porén, o relato fantástico, gótico e en especial a ciencia ficción foron xéneros máis escasamente traballados na literatura galega contemporánea e só comezaron a despuntar coa creación das editoriais Urco e Contos Extraños, así como coa revista homónima e o Premio Antón Risco (2015); impulsado por Urco, Sacauntos Cooperativa Gráfica, e a Fundación Vicente Risco. Deste xeito chegaron ao galego obras de autores como Poe, Lovecraft e Robert E. Howard ao tempo que se impulsaba a produción propia.

A suma destes esforzos deu lugar ao que poderíamos bautizar como Xeración Estraña. Pola revista Contos Estraños pasaron Josué Ramos, Xosé Duncan, Jorge Emilio Bóveda, Érica Couto, Maruxa Martínez, Roberto A.

Rodríguez, Bea Guerra, Manuel Moledo, Vanesa Santiago, Santiago Bergantinhos, Fabián Plaza, Andrea Barreira ou David Botana, por citar só algúns autores. Deles, varios saltaron a outras editoriais e incluso fóra de Galicia. A revista dedicou números á fantasía heroica, o terror, a ciencia ficción ou as lendas tradicionais, e nela acuñouse o termo ‘agroterror’. Un terror contemporáneo, porén con raigame na tradición galega; un antecedente do ‘Cachava’ e boina da literatura en lingua castelán.

Aos nomes xa citados habería que sumar aínda a Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Marilar Alexandre, referentes na literatura infanto-xuvenil. Así como a Manuel Lourenzo, Sabela González, Elena Gallego, María Canosa, Antonio Manuel Fraga, ou Emma Pedreira —gañadora do Xerais 2018 coa súa revisión do mito de Romasanta desde unha perspectiva de xénero: *Besta do seu sangue*. Sen dúbida as editoriais mencionadas e, sobre todo, o Premio Vicente Risco viñeron cubrir un baleiro non só no sistema literario galego, senón tamén para o portugués, pois a escaseza de certames para estes xéneros literarios ocasionou, por exemplo, que a portuguesa Fausta Cardoso Pere gañase o V certame do premio Antón Risco cunha distopía na que converte a Lisboa nun misterioso labirinto.

Por outra banda, resulta evidente que o groso das obras e autores nomeados tenden cara o xénero fantástico, porén como demostra Mario

¹ Este monográfico é un resultado do proxecto *Tránsfugas y parias modernas: género y exclusión en la cultura popular del s. XXI* (FEM2017-83974-P) financiado por MCIN/ AEI /10.13039/501100011033/ e por FEDER “Una manera de hacer Europa” e do Grup de Recerca Consolidat Creació i pensament de les dones (2017 SGR 588).

² Universidade de Varsovia. Instituto de Estudos Ibéricos e Ibero-Americanos.
Correo-e: a.garridogonza@uw.edu.pl; <https://orcid.org/0000-0002-4978-8498>.

³ Universidade de Varsovia, Instituto de Estudos Ibéricos e Ibero-Americanos.
Correo-e: k.moszczynska@uw.edu.pl. ORCID: <https://orcid.org/0000-0003-4235-7457>.

Regueira no artigo que abre este monográfico, “Antes de soñarmonos eléctricos. Ficción científica e distopía no final do franquismo”, a ficción científica en Galicia ten un percorrido ben máis longo do que se acostuma a considerar, pola asunción de *Soños eléctricos* de Ramón Caride en 1992 como obra inaugural do xénero. As circunstancias específicas do sistema literario galego, unha certa concepción do que é ou non é propio e apropiado para a literatura galega, así como a cultura da normalización da década na que publica Caride, botaron terra sobre obras que saíran en coleccións infantoxuvenís como é o caso da xa mencionada Fina Casalderrey ou outras moi anteriores como a banda deseñada de Xaquín Marín e Reimundo Patiño, *2 viaxes* (1975), da que se ocupa María Gil Martínez no seu artigo “Imaxes distópicas da crítica política, ecolóxica e social: iconografías na arte gráfica galega”. De feito, a banda deseñada en galego nace bebendo da relación que o concepto de utopía tivo dende as súas orixes coa exploración xeográfica do globo e coa paisaxe. O texto de Patiño e Marín responde aos conflitos ambientais da época e o presente final do mundo rural. Un tema que tamén abordan, desde a distopía, Enma Ríos en *Mirror* ou María Reimódez en *Cobiza*, obras analizadas por Helena González Fernández e Katarzyna Moszczyńska-Dürst nos seus respectivos artigos “Transmutación y figuras de exclusión en *Mirror*, una novela gráfica de Emma Ríos y Hwei Lim” e “Vidas precarias e corpos vulnerábeis en *Cobiza* (2021) de María Reimódez”.

En resumo, o xénero da ciencia ficción traballouse máis do que se acostuma a pensar e, na nosa opinión, debuxa dúas liñas principais moi claras, que contrastadas resultan aínda máis interesantes e significativas. Por unha banda, aquelas ficcións nas que a dimensión política implícita e explícita na obra busca unha reparación histórica para Galicia, como sinala Thayane Gaspar Jorge no seu artigo “Utopía e ucronía: a Galicia triunfante en Nordeste (2016) de Daniel Asorey”. Unha liña que ten claros e senlleiros precedentes como, por exemplo, *O cervo na torre* (Xerais, 1994) de Darío Xohan Cabana. Por outra banda, aquelas ficcións especulativas, maiormente distopías, que abordan cuestións como a liberdade, a exclusión, a solidariedade, os vínculos afectivos, a intolerancia, o illamento, as representacións de xénero... Na que poderíamos situar o groso das obras deste monográfico. Tanto as xa mencionadas *Mirror* e *Cobiza* como os relatos

traballados por Aránzazu Calderón Puertas en “Carne, cables y bosque. Potencialidades trans*, agencia y placer erótico en algunas distopías gallegas”, *DX* de Eli Ríos analizada por Ana Garrido González en “Distopía tecnolóxica ou apocalipse zombi? Pasado ou presente?” ou *Be Water* da que se ocupa Mariola Pietrak en “*Be Water* de Antía Yáñez y *Plop* de Rafael Pinedo como alegorías distópicas del capitalismo”. Unha tendencia está última que xorde da conexión entre a literatura marcadamente feminista e o xénero distópico. Son textos, maioritariamente escritos por mulleres, que concentran as preocupacións sociais das primeiras décadas do s. XXI e presentan mundos xerados e influenciados por unha realidade histórica na que podemos recoñecer a nosa contemporaneidade. Estas autoras traballan a estranxeiridade, a estrañeza e a exclusión e como estas inflúen de xeito decisivo na conformación social e política dunha comunidade como a galega. Ademais, inciden nas posicións non diferenciais de xénero e sexualidade, fronte as categorías xerais e incluso reificadas da alteridade que se formulan no universal masculino (refuxiados, exiliados, migrantes...).

Nun momento no que o mundo está suxeito a cambios drásticos e enormes, as figuras ficticias da exclusión na ciencia ficción, analizadas dende o xénero e a sexualidade, convértese nun recurso moi rendible para estudar os complexos procesos que afectan ás negociacións sociais e políticas. No caso das distopías, a visión apocalíptica do futuro pódese derivar da contemplación do mundo contemporáneo dende o medo ao crecemento do pensamento único, a precariedade dos proxectos vitais, a fractura do vínculo social e a represión da disidencia en nome do denominado ‘ben común’. A distopía adoita funcionar como un aviso sobre o que podería ocorrer se se continúa no mesmo camiño, converténdose nunha nova e orixinal forma de literatura social.

En definitiva, a pesar das grandes estreiteces e dificultades entre as que se foi desenvolvendo a literatura non mimética na Galicia moderna —unha situación que en realidade non dista tanto da de outros sistemas literario—, o crecemento e, sobre todo, a calidade destas obras fai urxente un análise académico profundo. Cómpre botar luz sobre o xénero e as súas propostas porque poñelo en valor contribuirá a que florezca e se enriqueza. Por este motivo propuxemos este número especial á revista *Madrygal*.